




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Miño. Parroquia: San Pedro de Perbes, a esquina occidental; San Xoán de Vilanova as partes centrais e norte; Santa María de Castro, a parte meridional e oriental. Extensión: 1,89km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tramo inferior dun alongado e aberto val costeiro, o do río Xarío, cunha clara compoñente tectónica-estrutural, marcada disimetría (vertente suave cara ao norte e máis inclinada no flanco sur) e escaso encaixe. A fronte costeira encóntrase no esteiro do río Baxoi. Inclúe o EIX Marismas do río Baxoi.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos e cuarzoxtistos, de idade precámbrico-silúrica. No extremo E hai unha banda con dous enclaves de cuarcitas grafitosas. O Cuaternario aparece en depósitos intermareais e de dunas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido caracterizado por medias anuais de temperatura por riba de 14°C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1000mm e 1200mm.

OS SOLOS

Bañobre presenta cambisols eútricos na parte inferior do val, xunto coas súas vertentes laterais, e umbrisolos dístricos na parte existente de augas enriba desta. Tamén posúe pequenas extensións de fluvisols típicos intermareais.

AS AUGAS

O esteiro está formado pola desembocadura dos ríos Baxoi e Xarío, aínda que é o curso baixo deste último o que dá forma á unidade na súa prolongación continental configurando un val de dirección NE-SO. Ambos os dous cursos fluviais verten á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de esteiro na que na fronte costeira destacan os hábitats 1110 e 1140, definidores das chairas intermareais lamacentas e areosas intermareais e submareais, na desembocadura do río Baxoi. No extremo da frecha areosa aparecen dunas do grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Aínda sendo un espazo moi transformado por urbanizacións, conserva masas de frondosas autóctonas caducifolias, en moitos casos formando masas mixtas (>30ha) con piñeiros e eucaliptos, e con orixe parcial en áreas ripícolas, en especial no Río Xarío.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso predominante tradicional foi o agrícola, especialmente na vertente norte do río Xarío. Actualmente foi substituído por un uso basicamente residencial, complementado cun equipamento recreativo-deportivo (campo de golf) na parte máis próxima á canle, conservándose a función agrícola no bordo setentrional da unidade. O río mantén aínda unha vexetación de ribeira e masas de vexetación mixta asociadas ao seu curso, que ao chegar á desembocadura se converten en formacións vexetais costeiras. Na vertente sur do val aparece bosque de repoboación a media ladeira, para volver manterse as terras de cultivo no bordo meridional da unidade. No estuario mantéñense os usos máis relacionados co aproveitamento do mar, o marisqueo a pé.

MORFOLOXÍA

Bermaño é o núcleo tradicional existente, e mantívose practicamente inalterado ao longo do tempo, cun mínimo crecemento de colmatación non extensivo. Aparecen, no entanto, novos fenómenos de urbanización dispersa ao longo das vías de comunicación litorais, desvinculados dos asentamentos fundacionais e a funcionalidade urbana ou rural, e constituídos na súa maioría por residencias unifamiliares exentas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria tradicional limitábase a camiños de unión entre Bermaño e certos casaríos da parte norte da unidade, e aqueles que a conectaban coa parte meridional do municipio. A liña de ferrocarril atravesa o val de norte a sur formando unha xeometría moi característica para adaptarse á topografía. Actualmente, a estrada C-4803 percorre a fronte litoral da unidade cun trazado moi próximo á costa e dando lugar a fenómenos de "rurbanización" ao longo. A autoestrada AP-9 percorre a unidade pola vertente sur do val, paralelamente ao río.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os restos arqueolóxicos documentados son os relativos a un asentamento de orixe pre-romana no alto de Castro, no bordo sur da unidade, a mámoa das Gándaras e a mámoa da Picota na vertente norte do val. Outros elementos patrimoniais salientables áchanse no núcleo de Bermaño, a Capela da Nosa Señora do Carme e a Casa Reitoral de San Pedro de Perbes. Esta unidade conta cun tramo do Camiño Inglés de Santiago. Itinerario de Interese Cultural.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade paisaxística de Bañobre está caracterizada pola presenza do río Xarío, e exemplifica as transformacións morfolóxicas que supoñen o paso dun carácter fundamentalmente agrícola a un uso residencial extensivo. É atravesado de leste a oeste pola autoestrada AP-9 e de norte a sur pola liña férrea. Na actualidade atópase nun proceso de transformación que introducirá novos usos e necesidades na estrutura da paisaxe.

DINÁMICA DA PAISAXE

A paisaxe tradicional de parcelario de cultivo foi progresivamente relegando o uso agrícola e recuperando masas forestais, a semellanza da maior parte do territorio desta zona. Ademais, neste caso, os procesos de urbanización de carácter residencial foron especialmente relevantes acelerando as dinámicas de cambio da paisaxe.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A pesar da predominancia dos usos residenciais extensivos, a unidade conserva un importante patrimonio natural, de masas de frondosas autóctonas caducifolias e vexetación de ripisilva en torno ao sistema fluvial do río Xarío; así como unha formación de estuario denominada de Baxoi clasificada como Espazo de Interese Xeomorfolóxico. Nesta contorna especialmente construída a funcionalidade da canle do río Xarío como corredor que conecta a formación litoral de esteiro e as máis interiores do val adquiren aínda un maior valor e relevancia, ademais de constituír un camiño de contraste cromático e textural.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecemento desenvolvido ao longo da estrada C-4803 na contorna da praia de Lago e Punta Redonda, que se estende ata a unidade veciña de Perbes, no seu maior parte de tipoloxía unifamiliar illada sen funcionalidade urbana ou rural e sen identidade poboacional. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizar a presión sobre a praia e o perfil cantil e mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental destes lugares.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareais	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



